

## NORMAS DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA “CASA DA MÚSICA”

A Concellería de Xuventude do Excmo. Concello de Lugo, ten adscritas as instalacións da “Casa da música” para a súa utilización por parte dos grupos de música inscritos no censo de grupos musicais da Concellería de Xuventude e para a realización de actividades.

Para que o uso das mesmas non produza un prexuízo que poida provocar que o mal uso delas por uns poucos poda redundar en prexuízo da colectividade dos/as usuarios/as, xúlgase obrigado cumprimento para todos/as os /as usuarios/as que teñan como finalidade a optimización do uso de ditas instalacións velando para que non se deterioren por unha posíbel mala utilización. Polo exposto anteriormente considerase necesario establecer unhas liñas de funcionamento e a tal efecto establécense as seguintes:

- Poderán acceder os locais de ensaio da “Casa da música” aqueles grupos musicais ou solistas inscritos no “Censo de grupos musicais” da Concellería de Xuventude do Excmo. Concello de Lugo.
- Terán preferencia á hora de solicitar os locais de ensaio aqueles grupos dentro do censo que estean formados por xoves, empadroados/as en Lugo ou estudantes na cidade e que non dispoñan de local de ensaio.
- O horario da “Casa da música” será o seguinte:

Luns	18:00h – 21:00h
Martes - Xoves	18:00h – 23:00h
Venres – Sábado	16:00h – 23:00h
Domingo	16:00h – 24:00h

- Os grupos poderán acceder os locais durante 6 horas semanais repartidas en espazos de dúas horas 3 días a semana ou 2 días a semana 3 horas cada día. O horario de ensaio será o seguinte:

Luns	18:00h – 21:00h
Martes - Xoves	18:00h – 23:00h
Venres – Sábado	16:00h – 23:00h

Domingo	16:00h – 24:00h
---------	-----------------

- Cada 6 meses elixíranse por sorteo os grupos musicais que poden acceder os locais de ensaio. No caso de non cubrir as vacantes accederán todos os grupos inscritos no censo. Terán preferencia os grupos que non foran elixidos no sorteo anterior.
- Todos os grupos deberán figurar co seu nome artístico, así como os datos de todos os seus compoñentes (nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono de contacto e idade) e o representante do grupo. A este último se dirixirán todas as actuacións que, tanto o persoal da Casa da Música como o Servizo de Xuventude lles sexa preciso realizar a nivel administrativo e de comunicación, especialmente o relativo ao pago e devolución de fianzas.
- O pago da fianza deberá facerse efectivo no prazo máximo de 15 días desde a recepción da correspondente notificación do pago da mesma. Así mesmo, para a devolución da fianza deberá achegarse certificación bancaria do número de conta no que o representante figure como titular no momento de entrar a formar parte da quenda de ensaios a través do sorteo. No caso de que o representante do grupo sexa menor a nai/pai ou tutor/a legal dos mesmos autorizará aos mesmos ao ingreso da devolución da fianza no modelo que se lle proporcionará a tales efectos, ademais de presentar a certificación bancaria anteriormente mencionada.
- Cada 15 días por orde de inscrición estableceranse os horarios de ensaio, que se solicitaran na oficina da “Casa”. Ningún grupo poderán repetir o mesmo horario que a quenda anterior a menos que cerrada a quenda de inscricións dito horario quede baleiro. A documentación para a inscrición recollerase e entregarse na “Casa da Música”.
- As renuncias aos ensaios deberán facerse por escrito en modelo proporcionado na propia Casa da Música. Non se poderá cambiar de nome artísticos dentro dunha quenda.
- No caso de que os grupos anotados nun horario determinado decidan non asistir os ensaios deberán comunicalo nos dous días posteriores a comunicación do horario.
- No caso de que un grupo non asista a tres ensaios dentro da mesma quenda perderá o dereito a utilización do local de ensaio ata o seguinte sorteo.
- Toda persoa que asista ós locais de ensaio deberá inscribirse ó entrar nun impreso que lles proporcionará o persoal da oficina da Casa da Música. A saída será asinada unha vez que o persoal da Casa comprobe o correcto estado do material da sala.
- No caso de precisar calquera material da sala adxacente, deberá consultarse o seu uso ao persoal da Casa da Música, pois en todo momento estes deben ser coñecedores deste feito.
- Como máximo permitirase a presenza de 2 persoas distintas os/as integrantes dos grupos nos locais de ensaio. Os posíbeis desarranxos que poidan ocasionar estas persoas serán responsabilidade do grupo.

- Os grupos que accedan os locais de ensaio estarán a disposición do Servizo de Xuventude para a realización dun concerto ao longo dos 6 meses de duración da quenda.
- O Servizo de Xuventude terá preferencia no uso da “Casa da Música”.
- Os grupos de música da cidade inscritos no censo poderán solicitar a “Casa da música” como local para a realización de concertos. Os datos dos concertos xestionaranse solicitándoo por escrito no rexistro municipal do Concello.
- Será responsabilidade dos/as membros/as dos grupos o coidado das instalacións así coma os dos instrumentos cedidos pola Concellería, o deterioro continuado ou o mal uso intencionado dos mesmos implicará a expulsión inmediata da “Casa da música” e a reposición con material das mesmas características. Cada grupo aboará o comezo do semestre unha fianza de 100€ a ingresar na tesourería do Concello de Lugo. Unha vez concluída a estancia na “Casa” a fianza será reembolsada no caso de non producirse ningún desarranxo. Os volumes da amplificación non deberán sobrepasar os niveis establecidos como adecuados (máximo 7)
- Cada persoa deberá facerse responsábel das súas pertenzas dentro da “Casa da Música”. Baixo ningún concepto se permitirá deixar os instrumentos do grupo dentro das instalacións fora do horario de ensaio.
- As salas deberán deixarse no estado en que se atopan á entrada, deixando a distribución do material do mesmo xeito.
- Se a utilización das instalacións da casa da música non se axeita as presentes normas serán revogadas as autorizacións concedidas, sen dereito algún por tal revogación.
- A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento das instalacións incluíndo a modificación das seguintes normas.
- A petición de horarios durante cada quenda realizarase o día sinalado, e, como moi tarde, ó día seguinte, a non ser que por algún motivo importante non se puidese solicitar, pois o persoal dará aviso con varios días de antelación mediante unha mensaxe de texto ao teléfono móbil do representante (o cambio pódese realizar presencialmente ou a través do correo electrónico: [cmusica@concellodelugo.org](mailto:cmusica@concellodelugo.org))
- A información en relación coa actividade, facilitarase no teléfono 982 29 47 96 ou na Oficina de Información Xuvenil en horario de mañás das 9:00 ás 14:00 horas, e de tardes das 16:30 ás 19:00 horas de luns a venres. Teléfonos de contacto da Casa da Música: 982 29 74 17 / 679 43 25 38. Correo electrónico: [cmusica@concellodelugo.org](mailto:cmusica@concellodelugo.org)

O Servizo de Xuventude a través do seu responsábel resolverá calquera dúbida ou incidencia non prevista nas seguintes bases, introducindo, se as necesidades o requiren, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento da Casa da Música”.